

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as catorce horas e trinta minutos do día quince de febreiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros e o Sr. concelleiro D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía do día 15 de febreiro de 2023 pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

(.../...)

«A urxencia da convocatoria vén motivada pola necesidade de adoptar hoxe o acordo ao que se refire o punto 2º da orde do día, á vista da data de celebración do entroido pequeno o vindeiro día 25 de febreiro de 2023.»

(.../...)

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, aprobou a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

2º.- PROPOSTA RELATIVA A COMPLETAR O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS NO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DO ENTROIDO PEQUENO EN CAMBRE 2023. EXPEDIENTE 2023/C004/000001.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de febreiro de 2023 (CVD: 67oXD8KVoHBMSEoBO0gX), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o estado procedimental do expediente de contratación núm. 2023/C004/000001, correspondente ao servizo de produción do Entroido pequeno de Cambre 2023.

Visto que na sesión da mesa de contratación celebrada con data do 14.02.2023, pola técnica de xestión de administración xeral púxose de manifesto, entre outras cuestións, que, debido a un erro administrativo, na Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante, PLACSP), configurouse de forma errónea o prazo de presentación de proposicións, limitando o prazo en dous días naturais, de tal forma que o prazo finalizou con data do 11.02.2023, cando debiera rematar con data do 13.02.2023.

Visto o informe emitido con data de 14.02.203 (CVD: pD+3zark+39TdjOPkgPt) pola dita técnica de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, que a seguir se transcribe:

“Asto: Expediente de contratación da produción do evento Entroido pequeno Cambre 2023. Expediente TEDEC 2023/C004/000001.

ANTECEDENTES

Celebrada mesa de contratación con data do 14.02.2023, pola técnica de xestión de administración xeral ponse de manifesto que, ademáis dos motivos expostos no informe desfavorable emitido por esta técnica, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 01.02.2023 (CVD: K9BkOiHFoqVDCC+Y5kQu), na tramitación deste procedemento, no día de onte detectáronse as seguintes irregularidades:

- na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares, en diante PCAP (redactado pola técnica que subscribe) prevese a presentación da oferta nun único sobre, que conterá a declaración responsable e a proposición económica, conforme aos modelos establecidos nos anexos II e III, respectivamente

- no anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante, PLACSP), a publicación desta licitación realizouse con data do 03.02.2023 e no mesmo faise constar que o prazo de presentación de ofertas rematou con data do 11.02.2023 (coincidindo en sábado, día inhábil)

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona María Dolores Pan Lesta, solicita que se emita informe pola secretaria xeral respecto de como debe procederse neste suposto.

*Atendendo á petición formulada pola Concelleira, emítense o seguinte **INFORME**:*

Primeiro: *Respecto do erro detectado na cláusula 14 do PCAP na que se prevé a presentación da oferta nun único sobre, que conterá a declaración responsable e a proposición económica, conforme aos modelos establecidos nos anexos II e III, respectivamente, cómpre sinalar que o artigo 157.1 da LCSP dispón que:*

- Artigo 157.1: “La Mesa de contratación calificará la documentación a que se refiere el artículo 140, que deberá presentarse por los licitadores en sobre o archivo electrónico distinto al que contenga la proposición (...)”.

- Artigo 140.1.a): “1. En relación con la presentación de la documentación acreditativa del cumplimiento de los requisitos previos, se observarán las reglas establecidas a continuación:

a) Las proposiciones en el procedimiento abierto deberán ir acompañadas de una declaración responsable que se ajustará al formulario de documento europeo único de contratación de conformidad con lo indicado en el artículo siguiente, que deberá estar firmada y con la correspondiente identificación, en la que el licitador ponga de manifiesto lo siguiente:

(...)”.

- Artigo 141: “1. Los órganos de contratación incluirán en el pliego, junto con la exigencia de declaración responsable, el modelo al que deberá ajustarse la misma. El modelo que recoja el pliego seguirá el formulario de documento europeo único de contratación aprobado en el seno de la Unión Europea, sin perjuicio de lo establecido en la letra c) del apartado 4 del artículo 159.

2. En los casos en que se establezca la intervención de mesa de contratación, esta calificará la declaración responsable y la documentación a la que se refiere el artículo anterior.

Cuando esta aprecie defectos subsanables, dará un plazo de tres días al empresario para que los corrija”.

Verbo de que a presentación do documento único europeo supón un requisito formal que debe ser cumplimentado polos licitadores sen que poida ser substituído por outro tipo de declaracións pronunciouse o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid, en resolución núm. 265/2020.

En definitiva, a cláusula 14 do PCAP incumple o establecido nos transcritos artigos en tanto que, tratándose dun procedemento aberto, presenta nun mesmo sobre a documentación a que se refire o artigo 140 e a proposición e en tanto que non recolle o formulario de documento europeo único de contratación aprobado en el seno de la Unión Europea.

Tratándose dun erro que non pode calificarse como material, de feito ou aritmético, dado que a súa corrección esixe un xuízo valorativo, procedería a retroacción de actuacións con aprobación dun novo prego e apertura dun novo prazo de presentación de proposicións, de conformidade co artigo 122.1 “in fine” da LCSP:

“1. Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones”.

Segundo: Respecto do prazo de presentación de ofertas, a cláusula 13.1 do PCAP establecía un prazo de 8 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante, ao tratarse dun procedemento aberto por tramitación de urgencia.

Como se indicou, segundo consta no anuncio de licitación expedido pola Plataforma de Contratación do Sector Público (en diante, PLACSP), a publicación desta licitación realizouse con data do 03.02.2023 e no mesmo faise constar que o prazo de presentación de ofertas rematou con data do 11.02.2023 (coincidindo en sábado, día inhábil).

A “Disposición adicional duodécima. Cómputo de prazos” da LCSP establece que “Los prazos establecidos por días en esta Ley se entenderán referidos a días naturales, salvo que en la misma se indique expresamente que solo deben computarse los días hábiles. No obstante, si el último día del plazo fuera inhábil, este se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente”.

É dicir, segundo a disposición adicional duodécima da LCSP, o prazo de presentación de ofertas debera rematar o día 13.02.2023.

E este erro constitúe unha infracción da normativa de aplicación, ao outorgar un prazo para a presentación de ofertas menor ao mínimo establecido no PCAP e na LCSP, o que non impide a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación co prazo de presentación de ofertas correcto. Isto, de conformidade co establecido no artigo 152.4 da LCSP:

“El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación”.

Polo exposto, a xuízo da que subscribe, procede desistir do procedemento de contratación con iniciación dun novo procedemento de licitación.

Advírtese, non obstante, que, á vista das datas nas que nos atopamos e, tendo en conta os prazos previstos na LCSP para a tramitación do procedemento, o contrato non estaría adxudicado antes da data prevista no prego de prescricións técnicas para a execución da prestación, 25.02.2023 (neste punto, debe recordarse que a documentación técnica definitiva foi delegada polo TEDeC á técnica que subscribe con data do 31.01.2023).

É o que expoño neste informe, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito”.

Vista a memoria xustificativa da necesidade desta contratación na que se indica que “o evento Entroido pequeno en Cambre conta cunha importante participación veciñal tanto no noso municipio como noutros limítrofes. Esta é unha festa con forte arraigamento popular que pretende estimular a participación cidadá e a relación interxeracional, así como a cohesión social.

Coa contratación dos servizos descritos preténdese dar cumprimento ao obxectivo de dispoñer dos medios e recursos precisos para a organización do evento. Estes medios son imprescindibles e habituais para a celebración de eventos de natureza festiva”.

Tendo en conta, non obstante o informado pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, no informe anteriormente transcrito, con CVD: pD+3zark+39TdjOPkgPt, que os erros que se poñen de manifesto nos informes emitidos pola secretaria e intervención municipais obedecen a cuestións técnicas e administrativas que nada teñen que ver coa actuación deste goberno municipal, e que é intención deste que a veciñanza de Cambre goce, un ano máis, desta festa, que ven celebrándose tradicionalmente o sábado seguinte ao sábado de entroido, coincidindo este ano 2023 no día 25 de febreiro, máxime, logo dos anos de pandemia que vimos de padecer.

Tendo en conta que tamén é intención deste goberno, en aras do interese público, que no procedemento de contratación deste evento participen o maior número de licitadores que resulte posible.

É por isto que, en aras de garantir a publicidade, transparencia e libre concorrència que debe presidir toda contratación pública, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Completar o prazo de presentación de proposicións no expediente de contratación núm. 2023/C004/000001, correspondente ao servizo de produción do Entroido pequeno de Cambre 2023, e dispoñer a apertura dun prazo de presentación de proposicións por un periodo de dous días naturais, publicando o correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado.

Segundo: Continuar coa tramitación deste procedemento de contratación, procedendo, unha vez rematado o prazo de dous días naturais anteriormente establecido, á convocatoria de mesa de contratación, apertura de ofertas e demais trámites que correspondan segundo o prego de cláusulas administrativas aprobado.

Terceiro: Dar conta do presente acordo a tódolos integrantes da mesa de contratación designada neste expediente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de febreiro de 2023 (CVD: 67oXD8KVoHBMSEoBO0gX), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo